



Instrumentos de corda medievais

Luciano Pérez Díaz

No ano 1973 incorpórase como alumno o seu neto Luciano Pérez, seguindo as súas ensinanzas ata 1975, ano da súa morte. Entre os anos 1975/78 incorpórase ao taller Antón Corral. A partir deste momento, Jesús e Luciano Pérez fanse cargo da dirección do taller, encamiñando o seu labor cara a ensinanza tanto da construción como do manexo dos instrumentos, e comezan ao tempo un labor de investigación e formación de futuros artesanos, que se foron asentando en diferentes cidades, dando lugar a talleres de prestixio.

Referente a este apartado cabe destacar un premio de investigación do Ateneo de Ourense, concedido no ano 1983, e o recoñecimento da Asociación de Prensa, Radio e T.V., como Lucense do ano 1990, personificado nun dos seus artesanos.

No 1988, coincidindo con un curso de tres anos de duración, en colaboración co INEN, ábrese unha nova etapa coa posibilidade de organizar conferencias, cursos e concertos con outros luthiers, músicos, etc., e con un decisivo fin de etapa debido á enriquecedora participación no magnífico proxecto de reconstrución dos instrumentos do Pórtico da Gloria, onde todo o cúmulo de experiencias vividas servíronnos para afrontar outros proxectos dese tipo.

Paralelamente, e como complemento divulgativo deste labor, o taller conta con unha importante sección de instrumentos musicais orixinais, biblioteca e arquivo de música. Igualmente, entre outras actividades, realizáronse varias exposicións, programas de T.V., vídeos didácticos, concertos e varias publicacións.

Na actualidade, o taller forma parte do Centro de Artesanía e Deseño creado pola Deputación Prov. de Lugo, desde onde se atenden todo tipo de solicitudes de información documental, de cada unha das nosas áreas xeográficas, visitas guiadas e peticións para a construción de instrumentos de corda medievais, tradicionais, etc.

Reconstrucción e investigación

INSTRUMENTOS DE CORDA MEDIEVAIS

Todo comeza na clausura do simposium de 1988, conmemorando o 8º centenario do PÓRTICO da GLORIA da Catedral de Santiago. É cando se decide acometer o vello proxecto do profesor D. José López Calo, para a reconstrución dos instrumentos alí representados. O seu nivel de



perfección e realismo constituía unha auténtica base documental, que xunto a comunidade científica alí presente, a predisposición da Fundación Barrié de la Maza e a experiencia galega en talleres de instrumentos tradicionais, tiña dado un encontro multidisciplinar extremadamente rico. Ademais estaba o sentir o vértigo do Pórtico!...

Coa realización no noso Obradoiro da derradeira fase dedicada á decoración e afinación, unha declaración dos responsábeis do proxecto encerraba unha proxección de futuro para a artesanía galega.

Así, o Obradoiro de Instrumentos Populares da Excm. Deputación de Ourense, dirixido por Manuel Brañas, reconstruíu os instrumentos do PÓRTICO do PARAISO da Catedral de Ourense, e posteriormente desde o Obradoiro de Instrumentos Musicais da Deputación Prov. De Lugo, e aproveitando a bagaxe profesional adquirida no proxecto

antes mencionado (selección de madeiras, montaxe de taller...), e a circunstancia de que o camiño de Santiago alberga o 90% da iconografía de instrumentos de pedra, fíxose aconsellábel seguir traballando nesta línea, en proxectos afíns, apoiados pola opinión de varios especialistas participantes na mencionada reconstrucción do Pórtico da Gloria.

Así ao longo de 1993 desenrolouse o proxecto de reconstrucción e investiga-

ción de instrumentos de corda medievais, froito do convenio firmado no seu día pola S.A. de xestión do plan Xacobeo 93 e a Deputación de Lugo.

Este proxecto coordinado por Luciano Pérez tivo como colaboradores a destacados especialistas internacionais na súas respectivas áreas: Christian Rault, luthier; Francisco Luengo, luthier e músico, John Wright, músico e especialista en cordaxes medievais; Ramón Yzquierdo





Guinteras

Perrín, historiador da arte. Retomando o final de páxina do proxecto do Pórtico, faise necesario profundizar e seguir desenrolando as súas investigacións. É por isto que escollimos para este traballo oito instrumentos do Pórtico e dez do palacio Xelmírez (anexo á catedral compostelana) que ademais dunha unidade arquitectónica significativa é un dos centros de especial relevancia dentro das representacións pétreas medievais sen olvidar que corresponde a unha mesma escola do maestro Mateo. O seu estudo comparado ofrece numerosas ventaxas para o coñecemento da evolución instrumental do


Medievo xa que nos move-mos nun período de tempo importante (1188±1250).

Este traballo comeza a ter forma através dos diferentes sistemas de proporcións (harmónicos, áureos, etc) que xunto ao Códice Calixtino, base documental esencial para o coñecemento da fábrica Románica, que refire as medidas totais da igrexa, tomando como unidade de medida o STATUS HOMINI, e as análises e comprobacións do autor de “As Matrioskhas de Santiago”, Salvador Tarrago, no que convén en 1,60 metros de mérida modular, serviron aos especialistas para o deseño dos seus ins-

trumentos, que coa axuda da regra e compás veñen a ser extrapolación da técnica empregada polo mestre de obra do momento.

As diferentes fontes de información de que dispo-mos como poden ser: textos (históricos, xurídicos, poéticos, relixiosos, científicos, lúdicos...), mobiliario da época ou a arqueoloxía náutica permítennos un achegamento tanto aos tipos de madeiras diponí-beis como á súa utilización e por suposto aos métodos de construción e ferra-mentas en uso.

Na construción destes ins-trumentos empregamos



FÍDULA: *Poucos instrumentos como este atopamos na iconografía medieval. O máis próximo en forma atópase na Catedral de Toro, pero parece tratarse dun dos múltiples intentos realizados a partir do s. XIII de conse-*

guir instrumentos de arco de gran tamaño.

dúas técnicas: de vaciado, que consiste no escavado dun bloque de madeira (característica principal dos instrumentos monóxilos) e outra marcada pola reaparición do uso da serra, que veu a cambiar moito os costumes na construción dos instrumentos musicais e que consiste en recortar do bloque de madeira os costados do instrumento coa forma desexada.

Bruído e encordaxe corresponden á última fase realizada no que se converteu inevitabelmente nun laboratorio, con decenas de pontes, tapas, clavixas, cordas, madeiras, etc., onde se fixeron e desfixeron, pro-

vando deseños, tamaños, tensións, espesores, madeiras, movéndonos entre os límites do necesario ou o imposible.

Esta ferramenta ergonómico-acústica dos instrumentistas que forman o grupo “Por que trobar...”, dirixidos por John Wright, obtiveron o recoñecemento da crítica internacional en varios concertos (palacio Xelmírez de Santiago de Compostela, Igrexa de S. Pedro de Lugo, Catedral de Buxelas) e unhas xornadas dedicadas ao Instrumentarium Medieval na Fundación Royaumont (centro de Investigación de

É un instrumento realizado a partir dun bloque de madeira excavado, estando a estraña forma da súa caixa coas guinternas e fidulas de brazo que tamén atopamos en Xelmírez. Ten tres cordas, e a diferenza de todas as fidulas de forma máis ou menos oval, a súa táboa harmónica parece ser plana. A disposición dos buracos sonoros e ponte correspóndese coa fidula oval de Xelmírez, pero levando esta disposición ao extremo, cunha ponte moi baixa.

A lonxitude do seu mastro é hipotética, posto que na escultura orixinal perdeuse. Foi realizado tendo en conta o xogo de proporcións presente nos demais instrumentos de arco.



Os instrumentos de corda forman a familia mais interesante para a organoloxía. No período estudado o 80% das iconografías corresponde a estas representacións.

Músicas pasadas de París), para o que se elaborou o correspondente catálogo e vídeo, documentación que en breve verase enriquecida por unha publicación xeral que recollerá os diferentes aspectos deste traballo.

Este proxecto, canto menos, abriu novos campos de investigación, permitindo un mellor coñecemento da arquitectura destes instrumentos para que en maos expertas señan capaces de producir unha mensaxe musical definida e permitan unha certa virtuosidade.

Por outro lado afianza a Galiza en terreos de investigación máis aló da súa propia área xeográfica.



Detalle de retablo medieval «Pasión de Cristo» de Juan Oliver. 1330